

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACION "MONTE DO GOZO" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERAPÉUTICO-EDUCATIVO "PROXECTO HOME" DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS EN RISCO E CON TRASTORNOS ADICTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, asinaron o 20/4/21 un convenio de colaboración cuxo obxectivo é o desenvolvemento dos seguintes programas:

A) Programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, baseado nun modelo teórico de intervención marco deseñado como unha consecución de fases para acadar a rehabilitación e inserción sociolaboral:

- Avaliación e diagnose
- Motivación e integración
- Coñecemento e desenvolvemento persoal
- Inserción sociolaboral

A prestación destes servizos lévase a cabo en dispositivos emprazados en centros de acollida e dúas comunidades terapéuticas (unha delas intrapenitenciaria).

B) Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, que busca unha alternativa terapéutica e rehabilitadora para as persoas que sofren desta dependencia. Ten como obxectivos lograr unha maior autonomía, o cumprimento das prescricións e a efectividade clínico-asistencial nesta tipoloxía de casos, así como o apoio e orientación ás familias afectadas pola dita problemática.

Os pacientes poderán ser derivados polas unidades da rede de saúde mental e drogodependencias do Servizo Galego de Saúde co visto e prace do responsable de saúde mental da área correspondente.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver e a

prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrência pública, polo que o réxime destas axudas encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

